



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP EMILIA PARDO BAZAN. 32420 LEIRO. OURENSE

Tlf..Fax. 988 488178 Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.leiro@edu.xunta.es

Estimadas familias:

O Ministerio de Sanidade vén de publicar os novos protocolos de xestión da pandemia en centros educativos, resumidos no tocante ó alumnado de ata 12 anos no seguinte:

- Os nenos/as que sexan caso confirmado deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro. Non requirirá proba para esta incorporación.
- Os autotest non requirirán dunha proba complementaria para confirmar o caso.
- A definición e contacto estreito non variou: persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2m dun caso positivo ata as 48h antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica) sen uso axeitado de medidas de protección (máscara).
- Os nenos/as que teñan a consideración de contactos estreitos (pais positivos, irmáns positivos...) seguirán as indicacións de corentena de 7 días, xa que non teñen a pauta de vacinación completa.
- Ante a aparición dun primeiro caso nunha aula e ata un total de 4 ou do 20%, o alumnado non realizará corentena, independentemente do seu estado vacinal.
- Ante agrupacións de casos (5 ou máis casos confirmados de infección activa ou máis do 20%), seguiranse as pautas xerais para a determinación das corentenas dos contactos estreitos. Esta corentena será de 7 días desde o inicio de síntomas do último caso confirmado (sempre que non se desenvolvan síntomas durante este período).

Recíbide un cordial saúdo.

Asdo.: M^a Concepción Cibeira Godás (Directora)

Leiro, 13 de xaneiro de 2022